

GRUPO OPERATIVO SOST APÍCOLA FEADER 2022/037B

MELLORA DA SOSTENIBILIDADE APÍCOLA MEDIANTE O USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS E A CONSERVACIÓN DA ABELLA LOCAL APÍCOLA: SOST APÍCOLA. FEADER 2022/037B (2022-2024)

O obxectivo principal do proxecto é mellorar a sustentabilidade e sostenibilidade das explotacións apícolas, potenciando a apicultura de precisión e seleccionando ecotipos de abellas con características favorables. Todo elo permitirá unha mellor resposta do sector fronte a pragas como a varroose e a vespa velutina, ou factores ambientais coma o cambio climático.

O proxecto busca reducir custes da explotación, facilitar o estado sanitario das abellas, e incrementar a capacidade produtiva. Tamén o uso eficiente dos recursos, a mellora da polinización e a redución do impacto do cambio climático. Adecúase as seguintes áreas prioritarias:

- a) Xestión sustentable dos recursos naturais: programas dirixidos ás áreas de sanidade animal e preservación e mellora dos recursos animais para á produción de alimentos de calidade. Mellora dos métodos de seguimento e control de patoloxías parasitarias e infecciosas na apicultura.
- b) Sistemas agrarios de produción. Aumento da sostenibilidade e competitividade dos sistemas de produción gandeira orientada á mitigación dos impactos e loita contra o cambio climático. Mellora xenética das colonias de abellas.
- c) Aplicación das TICs á apicultura.

Este proxecto busca incorporar protocolos de actuación adaptados a Galicia, implementando sistemas IoT, deseñadas para outras áreas xeográficas. Desenvolveranse ferramentas de toma de decisión, para mellorar a produtividade da apicultura.

Outra aportación ten que ver coa conservación da abella local. Un aspecto esquecido ate o de agora. Así, buscarase parametrizar os ecotipos de abellas, en base a subtipos como os seguintes:

- a) Subtipo máis manso e estable en produción.
- b) Subtipo menos enxameador.
- c) Subtipo menos agresivo.

Dito proxecto está liderado pola **Agrupación Apícola de Galicia** e participan nel a **Universidade de Vigo**, **CFEA Sergude (Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude)**, **BOAGA (Federación de Razas Autóctonas de Galicia,)** **Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia** e varios produtores primarios.



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Europa inviste no rural

PROXECTO: SOST-APÍCOLA, mellora da sostenibilidade apícola mediante o uso de novas tecnoloxías e a conservación da abella local (FEADER 2022/037B)

PROMOTOR: Agrupación Apícola de Galicia

INVESTIMENTO: 179.990,15 €

AXUDA PÚBLICA: 179.990,15 €

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014_2020

MEDIDA: axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) (MR331B)